

---

## Proseguen as mobilizacións nas contratas

### Os traballadores das contratas manteñen a folga indefinida polo cumprimento dos convenios e a limitación da subcontración.

Os traballadores e as traballadoras das contratas de Telefónica en Galiza continúan adiante coa folga indefinida convocada pola CIG para esixir o cumprimento dos convenios colectivos, a limitación da subcontratación en cadea e o recoñecemento do dereito á subrogación. No marco do paro, o persoal está a realizar mobilizacións diarias en distintos puntos do país e repartos de follas explicativas para dar a coñecer a súa precaria situación laboral e as súas reivindicacións.

O nivel de subcontratación e a fragmentación do sector chega até tal punto que as condicións nas que estes operarios/as teñen que realizar o traballo están moi precarizadas, tendo que realizar xornadas de 11 e 12 horas diarias de luns a sábado para poder acadar a produción esixida polas empresas. E aínda así, denuncian que non perciben o salario legal establecido nos convenios de aplicación e a maiores, parte deste persoal ten que abonar do seu peto os gastos de desprazamento e as comidas.

**Esta explotación está promovida pola propia Telefónica, que tamén fomenta a competencia entre as distintas contratas, co obxectivo de recortar ao máximo os custes e continuar a incrementar os beneficios. A empresa mantén uns beneficios de miles de millóns de euros pero fomenta que se explote de xeito indecente a quen fai a maior parte do seu traballo.**

Dende a pasada semana Telefónica está a enviar persoal propio para sacar avarías, un servizo totalmente externalizado dende hai moitos anos. Para evitar a vulneración do dereito á folga, a CIG-industria xa presentou denuncia na Inspección Provincial da Coruña para que abra unha investigación e inste á empresa a cesar de inmediato na súa actitude.

Sabemos que non podemos negarnos a ir ás avarías cando nos mandan pero tamén debemos ser conscientes da situación persoal dos compañeiros das contratas que están loitando polos seus dereitos e por un traballo digno que lles permita vivir. Dende a CIG informamos das mobilizacións que teñen convocadas para esta semana e queremos darlles o noso apoio e solidariedade nesta loita por unhas condicións laborais dignas.

- **LUNS 20 DE ABRIL: CONCENTRACION** de 11:30 A 13:30 horas diante de Liteyca.
- **MARTES 21 DE ABRIL: CONCENTRACIÓN** de 11:00 A 13:00 horas diante do Parlamento Galego en Compostela.
- **MÉRCORES 22 DE ABRIL: CONCENTRACIÓN** de 10:30 A 12:30 horas diante da Delegación da Consellería de Traballo na Coruña **SMAC** (Avda Salvador de Madariaga 9).
- **XOVES 23 DE ABRIL: PEGADA** de carteis nas cidades da Coruña e Ferrol.
- **VENRES 24 DE ABRIL: CONCENTRACIÓN** de 11:30 A 13:30 horas diante da tenda de Movistar na Praza de Pontevedra.

**Infórmate, reflexiona, actúa... Mobilízate!**

A Coruña 20 de abril de 2015